

C COMPOSTELA
CULTURA

tropa







A TROPA C

A TRIBO QUE TE CONVIDA A
DESCUBRIR A CULTURA EN
COMPOSTELA





A Tropa C é un grupiño diverso, deses que moitos seres poderían dicir que non pegan nin con cola. Pero nada máis lonxe da realidade: precisamente son esas diferenzas as que enriquecen cada cousa que fan xuntas.

Cada integrante da Tropa C achega algo distinto: mentres unha ten unha mente analítica que esmiuza os problemas ata atopar solucións creativas, outra posúe un instinto emocional que guía as decisións desde a empatía. Hai quen é pura enerxía, sempre lista para actuar, e quen achega calma e reflexión nos momentos máis caóticos. Entre todas logran un equilibrio perfecto que non só as mantén unidas, senón que enriquece cada proxecto, cada desafío e cada momento compartido.

Son unha tribo unida polo respecto mutuo e pola certeza de que as súas diferenzas son a súa maior vantaxe. Non sempre están de acordo e ás veces as discusións convértense en intensos debates, pero incluso eses momentos se transforman en oportunidades para aprender unhas das outras. Así,

conseguen construír xuntas algo máis grande que a suma das súas partes.

Nas súas aventuras, xa sexa afrontando retos cotiáns ou emprendendo grandes proxectos, a Tropa C demostra que a verdadeira maxia acontece cando se abrazan as diferenzas. Xuntas transforman as diversidades en fortalezas, as ideas en accións e as metas en logros. A chave? Entender que o distinto non só é valioso, senón esencial para medrar, aprender e superar calquera obstáculo.

A Tropa C é un grupo equilibrado onde a diferenza de idades, habilidades e perspectivas se fusiona nun lazo de amizade e cooperación. Apóianse mutuamente, aprenden unhas das outras e comparten o seu amor pola natureza, pola cultura galega e polo crecemento persoal.



Pili Po

Unha pequena polbiña que cambia de cor segundo o contexto e o seu ánimo. É curiosa, agarimosa e chea de enerxía, aínda que ás veces lle custa controlar as emocións. Adora coleccionar palabras e o seu medo maior é que o galego desapareza dos fogares e non a entendan cando fala. É a irmá pequena do Polbo Po do Apego.

Gael Po Alla

Unha pinga que pode ser orballo, choiva ou néboa, adaptándose a todo. É sensible e empática, capaz de mediar nos conflitos e de ver o mundo desde moitas perspectivas. Encántalle xogar ao aire libre e mollarse en todos os charcos. Como é un ser fluído, é capaz de adaptarse a canta situación se lle pon por diante. Vive ao pé do Sarela.



Octavia Altiora

Unha estrela de Compostela, curiosa, crítica e incansable viaxeira. Sempre busca aprender cousas novas, recolle palabras, vai a espectáculos e dá opinións ben razoadas. É sociable e brillante, ten medo á escuridade e á soidade e o que máis detesta é a falta de interese. Dende a súa fiestra, vese a Berenguela.





Lupa

Unha loba moderna, unha raíña con retranca e moito carácter. Defensora das causas perdidas, é impaciente e inqueda e ten un forte sentido da pertenza e da comunidade. Gústalle patinar, contar lendas, gravar sons e compartir tradicións coas amizades. Sabe que as familias son tan extensas coma unha queira facelas.



Quercus de Conxo

Un carballo centenario, sabio e paciente, que vive no barrio de Conxo e coñece e comparte refráns, historias e remedios para todo. Sempre fala con calma e transmite seguridade. É memoria viva da cidade e adora ensinar e aprender con crianzas e amizades.

**Queres saber máis sobre a
Tropa C? Tes toda a información
sobre cada personaxe en
COMPOSTELACULTURA.GAL**

UNIVERSO TROPA C



Ao longo dos próximos meses, a Tropa C embarcaranos nunha grande aventura no espazo compostelán, cheo de galaxias culturais para descubrir.

En Tropa C no Patio de Butacas, os teatros da cidade abrirán as súas portas para que a rapazada poida gozar de espectáculos de teatro, danza, monicreques, música e circo. Na Tropa C Por vez Primeira, o público máis miudiño, de até tres anos de idade, vivirá experiencias ilusionantes feitas á súa medida. Da man da Tropa C na Casa, o edificio que noutroa acolleu a fábrica da luz converterase nun lugar cheo de xogos, danza, circo e teatro de rúa. Coa Tropa C no Ensino, a cultura entrará directamente nas aulas de Compostela, e a Tropa C co Apego ofrecerá un amplo abano de actividades pensadas para aprender e compartir en galego desde a primeira infancia.

Nesta viaxe, Pili Po, Gael Po Alla, Octavia, Lupa, e Quercus visitarán un feixe de planetas culturais espallados pola cidade: o Auditorio de Galicia, coas súas salas Mozart e Ángel Brage; o histórico Teatro Principal; a luminosa Casa das Máquinas... e tamén moitas rúas, prazas e parques da cidade. Porque en Compostela, a cultura está en todas partes e a Tropa C convídате a facela túa mentres ris, xogas, aprendes e soñas en familia.



A TROPA C NO PATIO DE BUTACAS

A Tropa C faise cos grandes escenarios da cidade. Porque os patios de butacas tamén son para a cativada e a mocidade, para que poidan descubrir desde cedo a emoción de entrar nun teatro, de ver como se apagan as luces e de deixarse levar pola maxia dun espectáculo. Teatro, circo, monicreques e danza mestúranse en propostas que xogan coa física, o equilibrio e a creatividade, que nos brindan imaxes inesquecibles, engaiolantes historias, acrobacias imposibles e risos á esgalla.

No apartado musical toparemos concertos para deixar voar a imaxinación, mesturas sorprendentes de maxia e harmonía, historias cheas de aventuras na selva, viaxes fantásticas polo mundo animal e incluso unha inmersión no rock máis divertido. Unha oportunidade única para descubrir que a música pode ser contada, bailada, soñada e vivida en familia, desde a primeira nota ata o último aplauso.

VA DE BACH

ARACALADANZA



MARCOS G. PUNTO

AUDITORIO DE GALICIA ·
SALA ÁNGEL BRAGE

11 DE OUTUBRO

18.00 h

3 €

Idade recomendada: a partir

de 5 anos

Duración: 55 min

Lingua: sen texto

Aracaladanza mergúllase no universo de Johann Sebastian Bach para crear un espectáculo de danza contemporánea cheo de maxia, humor e imaxinación. Sen un fío narrativo convencional, *Va de Bach* propón un soño escénico no que cinco bailaríns e un gorila dan vida a un torrente de imaxes sorprendentes: globos que cantan, mans xigantes, pianos diminutos, perrucas barrocas ou portas que se abren a mundos duplicados.

Música, luz, movemento e escenografía combínanse nunha experiencia sensorial inspirada no espírito revolucionario de Bach. Unha festa para a imaxinación que emociona e sorprende tanto á xente miúda como á grande.



PLAYLIST RFG

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

MIGUEL ÁNGEL CAJIGAL 'EL BARROQUISTA'



**AUDITORIO DE GALICIA ·
SALA ÁNGEL BRAGE**

25 DE OUTUBRO

18.00 h
3 €

Idade recomendada: a partir
de 10 anos
Duración: 60 min
Lingua: galego

A música é unha linguaxe propia, que varía segundo as necesidades de cada momento e situación. Detrás de cada melodía, do uso de cada instrumento e da elección de cada compás agóchanse intencións diversas, que o noso cerebro aprende a interpretar dende que temos as nosas primeiras experiencias musicais. Neste programa exploraremos algunhas das principais ideas e emocións da música ao longo da historia, como se elaborásemos a nosa propia *playlist* de momentos musicais.

RUBE

ALODEYÁ



MAI IBARGUREN

AUDITORIO DE GALICIA ·
SALA MOZART

8 DE NOVIEMBRE

18.00 h
3 €

Idade recomendada: a partir
de 6 anos
Duración: 55 min
Lingua: castelán

Unha máquina de Rube Goldberg, esa que desencadea asombrosos e divertidos efectos dominó, irá montándose pouco a pouco sobre o escenario durante o espectáculo. Esa é a trama. Cando vexas voar os obxectos, pensa que o segredo está na física.

Movimentos hipnóticos dos malabares con tubos imantados, bolas, diábolos e mazas de luz programadas ao milisegundo forman un espectáculo baseado na ciencia e levado a cabo por dous enxeñeiros con case vinte anos de traxectoria escénica. Física e circo fúndense co humor para pór en escena *Rube*.

**TEATRO PRINCIPAL****23 DE NOVEMBRO**

12.00 h
De balde

Idade recomendada: a partir
de 8 anos
Duración: 60 min
Lingua: galego

O *Concerto Música Máxico* é un espectáculo participativo no que a Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela e o ilusionista Quiquemago convidan o público a descubrir como a música e a maxia camiñan da man.

Embárcate nunha viaxe divertida por estilos e conceptos musicais como as dinámicas, o papel da dirección, a estrutura de tema e variacións. escoitarás fragmentos da *Fauta Máxica* de Mozart, viaxarás con Chaikovski, Grieg ou Berlioz, descubrirás o jazz, o folclore e bandas sonoras que te farán vibrar.

28È CIRC D'HIVERN – GLATIR

ATENEU POPULAR 9 BARRIS



MARTÀ GARCÍA

AUDITORIO DE GALICIA ·
SALA ÁNGEL BRAGE

28 DE NOVIEMBRE

20.30 h

10 € (Con descuentos do 50%
para diferentes colectivos)

Idade recomendada: a partir
de 8 anos

Duración: 55 min

Lingua: catalán

Sempre se reuniron na praza. Sempre soaron os mesmos tambores. Sempre bailaron polas rúas baixo grilandas. Sempre cortaron a árbore pra despois erguela. Sempre fixeron esa mesma fotografía. Pero hoxe algo mudou: bailan ao son doutros tambores e alguén pregunta por que. *28è Circ d'Hivern – Glatir* é un espectáculo de circo que reflexiona sobre a tradición nun mundo que evoluciona. Con pértega chinesa, trapecio, acrodanza e verticais, cinco artistas convidan o público miúdo e grande a cuestionar, sentir e reencontrarse cun pasado que segue presente.

LLAR

CÍA. FEDERICO MENINI



GABY MERZ

AUDITORIO DE GALICIA ·
SALA MOZART

30 DE NOVIEMBRE

18.00 h

3 €

Idade recomendada: a partir
de 4 anos

Duración: 60 min

Língua: sen texto

Llar (“fogar” en valenciano) é un espectáculo onde a arquitectura se mestura coas artes circenses e a madeira se converte en protagonista. A través de equilibrios e malabares, o artista constrúe refuxios cheos de sorpresas que invitan a pensar nas nosas raíces e nos lugares que habitamos. Froito dun proceso de investigación e experimentación, a peza combina humor, ritmo, orixinalidade e unha depurada técnica de malabares, ofrecendo unha proposta única e innovadora pensada para todos os públicos.

Premio ao Mellor Espectáculo de Circo e o premio a Mellor Artista de Circo nos Premios IVC 2024 ás Artes Escénicas Valencianas.



BERENGUELA NA GAIOLA

CDG, GALEATRO, XAROPE TULÚ E FIOT



SALÓN TEATRO

5, 6 E 7 DE DECEMBRO

18.00 h

6 €

Idade recomendada: para
todos os públicos

Língua: galego

“Todo o mundo podía reclamar para si a condición de neno” (Manuel María)

Nunha residencia da terceira idade, tres persoas maiores, Berenguela, Aurora e Tomás, deciden representar a obra *Aventuras e desventuras dunha espíña de toxo chamada Berenguela*, de Manuel María. A través deste xogo teatral, recuperan a ilusión, a voz e a liberdade que a sociedade lles nega. A proposta, chea de humor e crítica, establece un diálogo entre xeracións e reivindica o dereito a existir con dignidade en todas as etapas da vida. O teatro convértese aquí en ferramenta de rebelión e soño compartido, recuperando a forza do espírito do monte.

Premio Manuel María de Proxectos Teatrais 2024

NANUQ

CÍA. VOËL



CLARA PEDROL

AUDITORIO DE GALICIA ·
SALA ÁNGEL BRAGE

20 DE DECEMBRO

18.00 h
3 €

Idade recomendada: a partir
de 2 anos
Duración: 45 min
Lingua: sen texto

Como dous corpos e dúas máscaras poden, a través da poesía visual e a acrobacia, xerar un mundo onírico onde todo está ao bordo do abismo?

Velaquí unha historia de amizade sen barreiras, esas barreiras chamadas prexuízos e que se erguen como altos muros na vida das persoas adultas. As máis pequenas non entenden de barreiras, como tampouco as entenden os osos.

Nanuq é unha peza atemporal onde conviven diversas disciplinas, como son o circo, a danza e as marionetas para explicar unha historia universal, unha historia para todo o mundo, pero pensada especialmente para o público miúdo.





ARIAN BOTET

TEATRO PRINCIPAL**24 DE XANEIRO**

18.00 h

3 €

Idade recomendada: a partir de 6 anos

Duración: 65 min

Lingua: castelán

Un neno medra nunha pequena aldea rodeada de paxaros, de flores de camomila e de tres mulleres, tres xeracións: a nai, a avoa e a tía. As tres nais de Jordi, o neno.

Catro intérpretes ao servizo dunha historia que trata a maternidade e a morte, pero sobre todo a vida. Un relato sobre a perda da nai na infancia, onde as dificultades e o humor conviven con toda naturalidade. Unha historia de amor, aventuras, superación e zapatillas voadoras.

XPECTRO

ZEN DEL SUR



TONYUKI HOTTA

**AUDITORIO DE GALICIA ·
SALA MOZART**

8 DE FEBREIRO

18.00 h

3 €

Idade recomendada: a partir
de 10 anos

Duración: 55 min

Lingua: sen texto

Xpectro é un espectáculo multidisciplinar que nos convida a mergullarnos nun universo creativo e emocionante. A acción transcorre nun recunchiño da mente de dous seres que levan no corpo trazos de neurodiversencia e gardan no seu interior pegadas do pasado. A través do circo, da danza e da música atopan un espazo común para expresarse, comunicarse e afrontar desafíos, ofrecéndonos unha ollada sensible e poética cara á diversidade. Diferentes linguaxes de movemento fúsiónanse coa música en directo para crear unha obra que emociona e fai reflexionar.

Premio FETÉN ao Mellor Espectáculo de Noite, Premio Ciudad Rodrigo ao Mellor Espectáculo de Sala, Premio Lorca ao Mellor Espectáculo de Circo, Mención Especial Circada

FARRA

CÍA. NACIONAL DE TEATRO CLÁSICO E
CÍA. LUCAS ESCOBEDO



SÉRGIO PARRA

AUDITORIO DE GALICIA ·
SALA ÁNGEL BRAGE

1 DE MARZO

18.00 h
3 €

Idade recomendada: a partir
de 6 anos
Duración: 80 min
Lingua: castelán

Festa, celebración, cultura e comunidade atópanse no tempo de Entroido de 1568 ou de 1668 ou de 2024. Durante as carnestolendas todo é posible, as normas cambian e o mundo réxese por paradoxos. A farra barroca, a festa, abre a porta á música, á tolemia, á maxia ou á acrobacia entre choqueiradas, danzas e ledicias. E, como toda subversión, o obxectivo reside en sinalar a loucura do pasado e do presente, removendo conciencias e celebrando o noso encontro.

**TEATRO PRINCIPAL****8 DE MARZO**

12.00 h
De balde

Idade recomendada: a partir
de 10 anos
Duración: 60 min
Lingua: galego

A Banda no Rock é un concerto cheo de enerxía e emoción no que se conta a historia de Pincho e Púa. Pertencer a un grupo que comparte as túas paixóns pode ser a mellor rede de apoio cando as cousas se poñen difíciles. Pincho non está a pasar por un bo momento, pero grazas ás amigas, ao colectivo e á forza da música, vai atopar a maneira de superar as adversidades... ou, polo menos, de afrontalas con máis ánimo. Entre cancións, amizade e humor, descubriremos que a música tamén é compañía, forza e esperanza compartida.



AUDITORIO DE GALICIA ·
SALA ÁNGEL BRAGE

14 DE MARZO

18.00 h
3 €

Idade recomendada: a partir
de 8 anos
Duración: 60 min
Lingua: castelán

Son salvaxe! é a emocionante historia de Mona, unha nena criada na selva por un gorila chamado Koko. Un día, os seres humanos invaden e destrúen o seu fogar, levan a Mona á civilización para educala e encerran a Koko nun zoolóxico. Aínda que Mona se adapta ao novo mundo que lle impoñen, non é feliz. Con valentía e amor, emprende unha viaxe para rescatar a Koko. A historia de Mona e Koko inspirará a moitas persoas a reflexionar sobre a importancia de protexer o noso planeta e tomar medidas para conservar a súa beleza e biodiversidade. Unha aventura familiar chea de emoción e ensinanzas inesquecibles.



MONSTROS

PRODUCCIÓN TEATRAIS EXCÉNTRICAS

AUDITORIO DE GALICIA ·
SALA MOZART

11 DE ABRIL

18.00 h
3 €

Idade recomendada: a partir
de 4 anos
Duración: 55 min
Lingua: galego

Monstros é unha divertida aventura para toda a familia que nos propón risas e reflexión ao mesmo tempo. Que é aquilo que nos causa temor máis que o que é diferente a nós? Non somos todas e todos un pouco raros? Non poderemos parecer monstros ante os ollos doutras persoas?

Monstros é o artefacto divertido que nos conta que aprender a convivir cos nosos medos nos axuda a entendernos a nós e ás demais persoas, a aceptar as nosas propias monstruosidades.



**AUDITORIO DE GALICIA ·
SALA ÁNGEL BRAGE**

18 DE ABRIL

18.00 h
3 €

Idade recomendada: para
todos os públicos
Duración: 60 min
Lingua: galego

Animalia é unha viaxe fantástica onde a música se atopa co mundo animal. Que historias nos cantan os compositores? E que historias nos cantan os gatos deses compositores?... Coas súas 7 vidas e moitas trasnadas, estes felinos especiais teñen historias sorprendentes para compartir! Entre saltos e miados, imos explorar como as notas da orquestra se mesturan coas aventuras felinas, e imos descubrir como cada melodía agocha segredos!

Animalia é un espectáculo que presenta o mundo da orquestra e a creatividade dos grandes compositores, e que esperta a imaxinación e o gusto pola música, dun xeito divertido e accesible.



**AUDITORIO DE GALICIA ·
SALA ÁNGEL BRAGE**

26 DE ABRIL

18.00 h

3 €

Idade recomendada: para
todos os públicos

Duración: 90 min

Lingua: galego

Coa *Gran Gala do Circo* celébrase no Auditorio de Galicia o Día Internacional do Circo. Este espectáculo de variedades, coordinado por Pistacatro, reúne en escena unha espectacular selección de artistas locais e internacionais nunha gran festa pensada para o goce do público grande e miúdo. Malabares, acrobacias, humor, equilibrio e maxía súmanse nun evento único que transforma o Auditorio nunha auténtica carpa chea de ilusión. Non esperes que cho conten: vén vivir en directo o espectáculo máis grande do mundo. Pasen e vexan!

ANÓNIMOS

RAUXA CÍA.



GABY MERZ

AUDITORIO DE GALICIA ·
SALA MOZART

9 DE MAIO

18.00 h
3 €

Idade recomendada: a partir
de 7 anos
Duración: 45 min
Lingua: castelán

Anónimos é un espectáculo de danza e circo contemporáneo, sensible e poético, que nos mergulla no subconsciente dunha muller que crea a través do papel unha realidade paralela, un refuxio onírico, onde o paso do tempo se converte en efémero e lixeiro para dar lugar á nostalgia do esquecido.

Unha peza cunha innovadora posta en escena, que fusiona a danza, a acrobacia, os equilibrios e a manipulación de obxectos fantásticos e marionetas surrealistas, para nos introducir nun mundo fráxil e traxicómico que nos propón unha ollada distinta sobre a soidade.

A TROPA NA CASA



A CASA DAS MÁQUINAS vaise encher de vida nos vindeiros meses! Nela agárdanos a Tropa C cun monte de propostas para xogar, deixarse sorprenden e rir ás gargalladas. Habará circo, xogos, teatro de rúa, monicreques, danza... e un amplo abano de oportunidades de balde para gozar e participar da cultura en familia.

Cada actividade é unha aventura distinta: malabares e pincharcarneiros que nos deixarán coa boca aberta, historias para nos atrapar, xogos que nos conectan coa tradición e fan voar o maxín e bailes para non deixar de nos mover. A Tropa fará da Casa un lugar máximo onde compartir risas, aprender contos, facer novas amizades e brincar até ficar sen folgos.



CASA DAS MÁQUINAS

12 DE OUTUBRO

De 11 a 13 h
De balde

Idade recomendada: de 1 a 12 anos
Duración: 2 horas
Lingua: galego

Xogos do Paporrubio son un compendio de brinquedos autónomos e animados de temática agraria, que nos dá a coñecer un dos paxaros máis pequenos, rebuldeiros e cantaruxeiros da nosa fauna. O noso paporrubio, calzado cuns zoquiños, guía a nenos e maiores por unha eira chea de xogos. As participantes nesta aventura terán que ir descubrindo como se xoga a algúns deles, mentres que se sorprenderán noutros grazas ás pequenas historias contadas e cantadas polos animais e habitantes da granxa, elaborados con xoguetes, marionetas e xigantes. A finalidade é facer accesible, a través da diversión en familia, unha cultura agraria que de por si adoita fascinar e marabillar.



GARABATO DE XOGOS

CASA DAS MÁQUINAS

2 DE NOVIEMBRE

De 11 a 13 h
De balde

Idade recomendada: de 1 a 12 anos
Duración: 2 horas
Lingua: galego

Ábrese un espazo ao xogo e a imaxinación cun regueiro de trebellos para pór a proba e aguillar a habilidade, a destreza, a coordinación e o enxeño da rapazada. Todos eles construídos grazas á reciclaxe de trastes que alguén considerou vellos pero que, no fondo, tiñan aínda moitas cousas que achegar. Case tantas como teñen as xogadoras e xogadores participantes que, de seguro inventarán novos xeitos de brincar nos que ninguén pensara.

**CASA DAS MÁQUINAS****9 DE NOVIEMBRE**18.00 h
De baldeIdade recomendada: a partir
de 3 anos
Duración: 50 min
Lingua: galego

Nos arredores de Vilatriste hai unha lagoa envolta nunha néboa misteriosa capaz de dar superpoderes a quen bebe das súas augas. Uns forasteiros descubren o segredo, pero cando tentan compartilo atópanse coa desconfianza da veciñanza. A morte do alcalde vello e a chegada dun novo dirixente con intencións escuras cámbiano todo. Nese contexto aparece Trepas, un habitante común que, xunto a unha peculiar superheroína, deberá enfrontarse ao poder establecido e salvar a vila. Conseguirano? Chea de humor, acción e fantasía, *De Vilatriste a Vilalegre* é unha creación de Teatro ó Cubo en coprodución co Centro Dramático Galego polo seu 40 aniversario.

ASOCIACIÓN DO XOGO TRADICIONAL DE COMPOSTELA

CASA DAS MÁQUINAS

23 DE NOVIEMBRO

De 11 a 13 h
De balde

Idade recomendada: de 1 a
12 anos
Duración: 2 horas
Lingua: galego

Aros, cordas, maiolas, claves, zancos ou ras son só algúns dos trebellos característicos dos xogos tradicionais e populares que ao longo dos anos fixeron brincar á rapazada. A Asociación do Xogo Tradicional de Compostela chega á Casa das Máquinas cun feixe de propostas para xogarmos coma antes, ou mellor dito, coma sempre. Unha ocasión perfecta para saltar, correr, rir e compartir, redescubriendo a emoción do xogo en comunidade e gozando dun patrimonio lúdico que forma parte da nosa identidade cultural. Un encontro para toda a familia onde a tradición e a diversión camiñan da man.



ROGELIO 3 LA FÊTE

ASSIRCÓPATAS

CASA DAS MÁQUINAS

13 DE DECEMBRO

18.00 h
De balde

Idade recomendada: a partir
de 3 anos
Duración: 50 min
Lingua: galego

Rogelio, o pallaso máis querido do circo galego, celebra o seu aniversario. Ten agasallos, karaoke, malabares, música e moito humor... pero falta o máis importante: as amizades. Mentres agarda, descobre que tamén se pode rir, reflexionar e gozar da vida no camiño.

Un espectáculo de *clown* para toda a familia, cheo de gargalladas e emoción, que fala da amizade, da paciencia, da paz e de aprender a valorar o que temos ao noso redor.



XOGOS VAIDAVAI

CASA DAS MÁQUINAS

14 DE DECEMBRO

22 DE MARZO

De 11 a 13 h
De balde

Idade recomendada: de 1 a
12 anos
Duración: 2 horas
Lingua: galego

Velaquí unha sesión chea de diversión, aprendizaxe e creatividade para a cativada. A través de xogos, obradoiros e actividades participativas, unimos educación e lecer para vivir momentos únicos onde cadaquén pode experimentar, inventar e expresarse libremente. O obxectivo é que a rapazada marche cun sorriso na cara, novas amizades no corazón e algún descubrimento sorprendente no peto. Un espazo seguro, inclusivo e aberto á imaxinación.

Aprender nunca foi tan divertido!



HISTORIAS PARA ESCAGARRIÑARSE

TEATRO GHAZAFELHOS

CASA DAS MÁQUINAS

21 DE DECEMBRO

18.00 h
De balde

Idade recomendada: a partir
de 3 anos
Duración: 50 min
Lingua: galego

Tres feirantes percorren o mundo co seu carromato contando vellas historias da cultura popular que removerán pesadelos nos incautos oíntes.

Coincidindo co seu 20 aniversario, Teatro Ghazafelos recupera un dos seus primeiros espectáculos de rúa facendo uso do seu característico humor. Repasarán historias como as da Cabra Montesina, As Lavandeiras, a Santa Compañía... A participación do público será imprescindible para poder representar estas historias para escagarríñarse, un espectáculo cómico de rúa para todos os públicos.

XOGOS MIUDIÑO



CASA DAS MÁQUINAS

25 DE XANEIRO

De 11 a 13 h
De balde

Idade recomendada: de 1 a 12 anos
Duración: 2 horas
Lingua: galego

Anímate a redescubrir brinquedos clásicos como os zancos, os aros, a ferradura, ou o tiracroios alén de trebellos para a exploración musical e outros pequenos xoguetiños especialmente pensados para o público miúdo. A diversidade dos materiais que se empregan neste espazo de diversión permite brincar, experimentar e gozar, pór a proba habilidades de puntería, equilibrio, velocidade ou estratexia con diferentes xogos e xoguetes que van mudando para poder explorar novas posibilidades de enredo.

ENREDOS. MANUFACTURAS IMPOSIBLES

A VELA CIRCO



DIEGO SEIXO

CASA DAS MÁQUINAS

31 DE XANEIRO

18.00 h
De balde

Idade recomendada: a partir
de 3 anos
Duración: 50 min
Lingua: galego

Que pasaría se un pallaso herdase unha vella empresa familiar? Con toda a ilusión do primeiro día imaxina un futuro próspero, pero axiña descobre que as instalacións precisan algo máis que uns retoques. Maquinaria enferruxada, engraxes desaxustadas e estruturas inestables convértese no escenario perfecto para torpezas e habilidades inesperadas. Cun entrañable humor, destrezas circenses e poesía visual, os imprevistos van enredándose e resolvéndose ata que todo encaixa no seu lugar.



SORORAS, XOGOS TRADICIONAIS

CASA DAS MÁQUINAS

1 DE FEBREIRO

De 11 a 13 h
De balde

Idade recomendada: de 1 a 12 anos
Duración: 2 horas
Lingua: galego

SororAs é un espazo de creación e aprendizaxe en igualdade dende a aplicación da perspectiva de xénero. A través dos xogos tradicionais, constrúese un espazo de diversión para a rapazada de 1 a 12 anos, no que aprender cos brinquedos de hoxe e de sempre. Pensados principalmente para poñer a proba a axilidade mental das persoas que participen, os brinquedos buscan fomentar o traballo en equipo dende unha experiencia interxeracional, inclusiva e con perspectiva de xénero.

ROYAL

PAULA QUINTAS E ARTURO COBAS



CASA DAS MÁQUINAS

7 DE MARZO

18.00 h
De balde

Idade recomendada: a partir
de 3 anos
Duración: 50 min
Lingua: galego

Un espectáculo de circo-danza cheo de ritmo, humor, emoción e acrobacias, onde a linguaxe do corpo se converte na tinta dunha historia escrita no aire. *Royal* preséntase como unha peza cómica que combina o *clown* poético de Arturo Cobas cos equilibrios e a danza de Paula Quintas, creando unha fusión única de movemento, estética e xogo escénico. Elegancia, enredos e complicidades danse cita nunha proposta chea de frescura que fará rir, sorprenden e emocionar a toda a familia, ofrecendo unha experiencia artística tan divertida como evocadora.



XOTRAMU

CASA DAS MÁQUINAS

12 DE ABRIL

De 11 a 13 h
De balde

Idade recomendada: de 1 a 12 anos
Duración: 2 horas
Lingua: galego

Preparádevos para unha tarde chea de movemento e risas! A Tropa C convidavos a probar os xogos tradicionais galegos cos que se divertían as crianzas de antes... e tamén as de agora. Poderedes atopar cordas para saltar, birlos para derrubar, peóns que xiran sen parar, xogos de puntería, de memoria e de habilidade, ademais de moitas outras propostas cheas de enxeño. Un espazo participativo onde as nenas e os nenos sodes protagonistas, brincando, compartindo e gozando xuntos dun patrimonio lúdico que nos une como comunidade e que segue tan vivo coma sempre.



TAVOLE

ZIRCO TXOSKO

CASA DAS MÁQUINAS

10 DE MAIO

18.00 h
De balde

Idade recomendada: a partir
de 3 anos
Duración: 50 min
Lingua: galego

Zirko Txosko dá un tremendo paso adiante na súa linguaxe circense. Unha das mellores compañías novas do noso circo gradúase cun espectáculo adulto repleto de calidade e delicadeza.

Un show con acrobacias, danza, movementos, equilibrios cunha posta en escena orixinal e diferente que non esquece o humor habitual da compañía.

**CASA DAS MÁQUINAS****30 DE MAIO**

18.00 h
De balde

Idade recomendada: a partir
de 3 anos
Duración: 45 min
Lingua: galego

Con máis de 20 anos no mundo do circo, Raquel e Girisho presentan o seu quinto espectáculo de circo contemporáneo. Dous eminentes artistas do circo esforzándose por demostrar quen é o mellor. Girisho ten confianza, é entusiasta... pero non moi intelixente. Raquel é estrita, metódica e moi hábil. Non se deterán ante nada para gañar a aprobación do seu público. Un espectáculo de circo áxil, divertido e moi habilidoso no que Raquel e Girisho usan trapezio, tela área, *hula hoops* e... moito máis!

A TROPA C POR VEZ PRIMEIRA

Unha nova edición do programa Por Vez Primeira achegará no mes de maio dúas coidadas propostas especialmente pensadas para a primeira infancia, coas que o Auditorio de Galicia busca converterse no lugar da primeira experiencia cultural da veciñanza

Recoméndase que non haxa máis de 2 acompañantes por bebé ou crianza

É preciso mercar unha entrada para cada asistente, independentemente da súa idade.





O MELLOR PRIMEIRO CONCERTO PARA BEBÉS

MUSICALMENTE

AUDITORIO DE GALICIA ·
SALA ÁNGEL BRAGE

2 DE MAIO

11.00 h e 12.00 h
3 €

Idade recomendada: de 0 a
3 anos
Duración: 45 min
Língua: non verbal

Monteverdi, Bach e Mozart son algúns dos anfitrións dunha ampla lista de compositores que nos levan do clásico ao jazz, do tradicional portugués ás músicas do mundo, da electrónica á improvisación e ao movemento compartido entre familias e crianzas.

Saxofóns, clarinetes, birimbaos, cavaquiños e outros instrumentos, conforman un universo sonoro amplo e estimulante, pensado para acompañar a curiosidade do público máis pequeniño.



LUMIERO

LA MENUDA

AUDITORIO DE GALICIA ·
SALA ÁNGEL BRAGE

3 DE MAIO

11.00 h e 12.00 h
3 €

Idade recomendada: a partir
de 1 ano
Duración: 40 min
Lingua: sen texto

Lumiero é un espectáculo visual e musical pensado para a primeira infancia.

O protagonista, Lumiero (Pere Hosta), vive rodeado de pequenas luces e sombras que cobran vida.

Xunto coa súa filla Lumina, exploran un mundo tenro onde os obxectos brillan e a música acompaña cada movemento.

Sons creados con instrumentos, xoguetes e artefactos dan forma a unha atmosfera máxica e tranquila.

Lumiero é unha homenaxe á luz, á música, á imaxinación e ao bo humor, un espectáculo entrañable onde a luz xoga a ser un conto e o conto se converte en realidade.

Benvidas e benvidos ao Universo Lumiero

MÁIS TROPA C

A TROPA C NO ENSINO

Compostela Cultura desenvolve cada temporada un amplo programa didáctico para estudantes de Santiago e de toda Galicia. Adaptadas ás diferentes idades, as actividades nel incluídas permiten achegarse á escena e á música dun xeito participativo, inclusivo e enriquecedor.

A solicitude de participación no programa debe ser cursada polos centros de ensino, que disporán para cada espectáculo dunha guía didáctica coa que traballar na aula antes da acudir á función, facilitando así unha mellor experiencia e aprendizaxe.

A TROPA C CO APEGO

Ao longo de todo o ano, o programa Apego garda un feixe de actividades culturais para a rapazada.

Merendolas, contos, brincadeiras e espectáculos ben diversos neste lugar de encontro onde compartir as vivencias e as emocións e vivir novas experiencias a través da lingua galega.



Máis información en apego.gal e compostelacultura.gal

Faite da Tropa C!

A TROPA C RECOMENDA!

Antes de entrar

- Compra ou recolle a túa entrada. Garda ben o billete: é o teu pasaporte para a aventura
- Chega con tempo, así podes coñecer o espazo con calma
- Se precisas axuda, hai persoas da organización dispostas a acompañarte

Durante o espectáculo

- Escoita e mira con atención: sempre pasan cousas sorprendentes
- Rí, emociónate e aplaude cando remate unha escena ou ao final do espectáculo
- Evita falar moi alto e non uses o móbil: así todas as persoas poderán gozar igual ca ti
- Se precisas saír, faino en silencio e pide axuda ao persoal de atención ao público

Accesibilidade para todas e todos

- Os espazos da Tropa C teñen lugares reservados para cadeiras de rodas e outras medidas de accesibilidade
- Se necesitas algo especial, só tes que pedirlo ao persoal de atención ao público: están para axudar



CALENDARIO

**A TROPA C NO PATIO
DE BUTACAS**

A TROPA C NA CASA

**A TROPA C POR VEZ
PRIMEIRA**

VA DE BACH

ARACALADANZA

AUDITORIO DE GALICIA | SALA

ÁNGEL BRAGE

11 de outubro

18 h | 3 €

Idade: a partir de 5 anos

Duración: 55 min

Lingua: sen texto

XOGOS DO PAPORRUBIO

CASA DAS MÁQUINAS

12 de outubro

De 11 a 13 h | 0 €

Idade: de 1 a 12 anos

Duración: 2 horas

Lingua: galego

PLAYLIST RFG

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

MIGUEL ÁNGEL CAJIGAL 'EL
BARROQUISTA'

AUDITORIO DE GALICIA | SALA

ÁNGEL BRAGE

25 de outubro

18 h | 3 €

Idade: a partir de 10 anos

Duración: 60 min

Lingua: galego

GARABATO DE XOGOS

CASA DAS MÁQUINAS

2 de novembro

De 11 a 13 h | 0 €

Idade: de 1 a 12 anos

Duración: 2 horas

Lingua: galego

RUBÉ

ALODEYÁ

AUDITORIO DE GALICIA | SALA

MOZART

8 de novembro

18 h | 3 €

Idade: a partir de 6 anos

Duración: 55 min

Lingua: castelán

DE VILATRISTE A VILALEGRE

TEATRO Ó CUBO E CDG

CASA DAS MÁQUINAS

9 de novembro

18 h | 0 €

Idade: a partir de 3 anos

Duración: 50 min

Lingua: galego

ASOCIACIÓN DO XOGO TRADICIONAL DE COMPOSTELA

CASA DAS MÁQUINAS

23 de novembro

De 11 a 13 h | 0 €

Idade: de 1 a 12 anos

Duración: 2 horas

Lingua: galego

CONCERTO MÚSICO MÁXICO

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

QUIQUEMAGO

TEATRO PRINCIPAL

23 de novembro

12 h | 0 €

Idade: a partir de 8 anos

Duración: 60 min

Lingua: galego

28È CIRC D'HIVERN - GLATIR

ATENEU POPULAR 9 BARRIS

AUDITORIO DE GALICIA · SALA

ÁNGEL BRAGE

28 de novembro

20.30 h

10 € (Con descontos do 50%
para diferentes colectivos)

Idade recomendada: a partir
de 8 anos

Duración: 55 min

Lingua: catalán

LLARCÍA. FEDERICO MENINI

AUDITORIO DE GALICIA | SALA MOZART

30 de novembro

18 h | 3 €

Idade: a partir de 4 anos

Duración: 60 min

Lingua: sen texto

BERENGUELA NA GAIOLA

CDG, GALEATRO,
XAROPE TULÚ E FIOT

SALÓN TEATRO

5, 6 e 7 de decembro

18 h | 6 €

Idade: para todos os públicos

Lingua: galego

ROGELIO 3. LA FÊTE

ASSIRCÓPATAS

CASA DAS MÁQUINAS

13 de decembro

18 h | 0 €

Idade: a partir de 3 anos

Duración: 50 min

Lingua: galego

XOGOS VAIDAVAI

CASA DAS MÁQUINAS

14 de decembro

De 11 a 13 h | 0 €

Idade: de 1 a 12 anos

Duración: 2 horas

Lingua: galego

NANUQ

CÍA. VOËL

AUDITORIO DE GALICIA | SALA ÁNGEL BRAGE

20 de decembro

18 h | 3 €

Idade: a partir de 2 anos

Duración: 45 min

Lingua: sen texto

**HISTORIAS PARA
ESCAGARRIÑARSE**

TEATRO GHAZAFELHOS

CASA DAS MÁQUINAS

21 de decembro

18 h | 0 €

Idade: a partir de 3 anos

Duración: 50 min

Lingua: galego

MATRES

CÍA. CAMPI

TEATRO PRINCIPAL

24 de xaneiro

18 h | 3 €

Idade: a partir de 6 anos

Duración: 65 min

Lingua: castelán

XOGOS MIUDIÑO

CASA DAS MÁQUINAS

25 de xaneiro

De 11 a 13 h | 0 €

Idade: de 1 a 12 anos

Duración: 2 horas

Lingua: galego

**ENREDOS. MANUFACTURAS
IMPOSIBLES**

A VELA CIRCO

CASA DAS MÁQUINAS

31 de xaneiro

18 h | 0 €

Idade: a partir de 3 anos

Duración: 50 min

Lingua: galego

**SORORAS, XOGOS
TRADICIONAIS**

CASA DAS MÁQUINAS

1 de febreiro

De 11 a 13 h

De balde

Idade: de 1 a 12 anos

Duración: 2 horas

Lingua: galego

XPECTRO

ZEN DEL SUR

AUDITORIO DE GALICIA | SALA MOZART

8 de febreiro

18 h | 3 €

Idade: a partir de 10 anos

Duración: 55 min

Lingua: sen texto

FARRA

COMPAÑÍA NACIONAL DE
TEATRO CLÁSICO E COMPAÑÍA
LUCAS ESCOBEDO

AUDITORIO DE GALICIA | SALA

ÁNGEL BRAGE

1 de marzo

18 h | 3 €

Idade: a partir de 6 anos

Duración: 80 min

Lingua: castelán

ROYAL

PAULA QUINTAS E ARTURO
COBAS

CASA DAS MÁQUINAS

7 de marzo

18 h | 0 €

Idade: a partir de 3 anos

Duración: 50 min

Lingua: galego

A BANDA NO ROCK

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A COVA DAS LETRAS

TEATRO PRINCIPAL

8 de marzo

12 h | 0 €

Idade: a partir de 10 anos

Duración: 60 min

Lingua: GALEGO

SON SALVAXE!**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA****LA MAQUINÉ, COMPAÑÍA DE TEATRO**

AUDITORIO DE GALICIA | SALA

ÁNGEL BRAGE

14 de marzo

18 h | 3 €

Idade: a partir de 8 anos

Duración: 60 min

Lingua: castelán

XOGOS VAIDAVAI

CASA DAS MÁQUINAS

22 de marzo

De 11 a 13 h

De balde

Idade: de 1 a 12 anos

Duración: 2 horas

Lingua: galego

MONSTROS**PRODUCCIÓNS TEATRAIS
EXCÉNTRICAS**

AUDITORIO DE GALICIA | SALA

MOZART

11 de abril

18 h | 3 €

Idade: a partir de 4 anos

Duración: 55 min

Lingua: galego

XOTRAMU

CASA DAS MÁQUINAS

12 de abril

De 11 a 13 h

De balde

Idade: de 1 a 12 anos

Duración: 2 horas

Lingua: galego

ANIMALIA**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**

AUDITORIO DE GALICIA | SALA

ÁNGEL BRAGE

18 de abril

18 h | 3 €

Idade: para todos os públicos

Duración: 60 min

Lingua: galego

GRAN GALA DO CIRCO**PISTACATRO PRODUTORA DE
SOÑOS**

AUDITORIO DE GALICIA | SALA

ÁNGEL BRAGE

26 de abril

18 h | 3 €

Idade: para todos os públicos

Duración: 90 min

Lingua: galego

**O MELLOR PRIMEIRO
CONCERTO PARA BEBÉS****MUSICALMENTE**

AUDITORIO DE GALICIA | SALA

ÁNGEL BRAGE

2 de maio

11 e 12 h | 3 €

Idade: a partir de 3 anos

Duración: 45 min

Lingua: sen texto

LUMIERO**LA MENUDA**

AUDITORIO DE GALICIA | SALA

ÁNGEL BRAGE

3 de maio

11 e 12 h | 3 €

Idade: a partir de 1 ano

Duración: 40 min

Lingua: sen texto

ANÓNIMOS**RAUXA CÍA**

AUDITORIO DE GALICIA | SALA

MOZART

9 de maio

18 h | 3 €

Idade: a partir de 7 anos

Duración: 45 min

Lingua: castelán

TAVOLE**ZIRCO TXOSKO**

CASA DAS MÁQUINAS

10 de maio

18 h | 0 €

Idade: a partir de 3 anos

Duración: 50 min

Lingua: galego

CIRCO DOBLE EXPRESSO**DESASTRONAUTS**

CASA DAS MÁQUINAS

30 de maio

18 h | 0 €

Idade: a partir de 3 anos

Duración: 45 min

Lingua: galego





VENDA DE ENTRADAS:

ONDE?

- Preferentemente na web compostelacultura.gal
- Despacho de billetes da Zona C, Punto de Información Cultural. Aberto de martes a sábado, de 11 a 14 e de 16 a 19 h. Teléfono: 981 542 462
- Nos despachos de billetes dos espazos escénicos dende unha hora antes do comezo da función

TEN EN CONTA QUE...

A programación pode ser modificada por diferentes motivos, así que mantente ao día a través da web compostelacultura.gal ou das redes de Compostela Cultura

ESPAZOS:

AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela
981 571 026 (despacho de billetes)

CASA DAS MÁQUINAS

Rúa de Galeras, s/n
15705 Santiago de Compostela

TEATRO PRINCIPAL

Rúa Nova, 21
15705 Santiago de Compostela
981 542 349 (despacho de billetes)

ZONA C· PUNTO DE INFORMACIÓN CULTURAL

Rúa Preguntoiro, nº 1
15704 Santiago de Compostela
981 542 462

MÁIS INFORMACIÓN:

WEB: compostelacultura.gal
FB: CompostelaCultura
X: CCultura
IG: CompostelaCultura
YT: CompostelaCulturaTV



Deputación
DA CORUÑA



CONSORCIO DE
SANTIAGO